CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	75
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín ás linguas de repertorio do alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora.	TI	25
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.

Contidos

- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
16	Introdución ás oracións subordinadas.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva.	PE	75
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información contextual.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia clásica.	Extraer, oralmente e/ou por escrito, preferentemente en latín, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.		
CA1.9 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron desde o latín as linguas de repertorio propio do alumnado.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	TI	25
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Estructuras oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.

Contidos

- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua latina.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín en latín, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
17	Intercambios culturais na Antigüidade. O legado de Roma.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Recoñecer en obras artísticas de épocas posteriores o influxo do mundo clásico.	PE	30
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Comprender o papel de Roma na transmisión do legado cultural do mundo antigo.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Ler e comentar artigos e fragmentos sobre episodios da historia de Roma, sobre as institucións, modos de vida e costumes da sociedade romana.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Ampliar a información obtida das lecturas sobre aspectos da civilización romana, empregando adecuadamente outras fontes e recursos.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Amosar interese pola conservación do patrimonio histórico, arqueolóxico e cultural herdado da civilización romana.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico da materia de Latín 1 recolle os seguintes principios xerais:

- Procurar a motivación do alumnado como motor fundamental da aprendizaxe. Os procedementos que nos axudan a acadar este obxectivo son principalmente: a variedade de actividades propostas; establecer conexións con outras áreas de coñecemento e con temas de actualidade; atender aos intereses individuais coñecendo as afeccións do alumnado; avaliar o ritmo de aprendizaxe do alumnado presentándolles actividades con distinto grado de dificultade. O traballo colaborativo é tamén un bo recurso para fomentar a motivación e o interese.
- Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita. Ademais das obras de lectura obrigatoria, propoñemos en todos os niveis unha selección de lecturas extraídas de diversas fontes: pasaxes de obras literarias, artigos de xornais e revistas, blogs etc. A realización de exposicións e os debates na aula, seguindo unhas pautas previas, contribúen tamén a potenciar a motivación e o interese do alumnado.

- Favorecer a capacidade dunha aprendizaxe autónoma por medio de actividades que incentiven a procura de información. O enfoque que empregamos no desenvolvemento das unidades didácticas é partir dos coñecementos do alumnado e favorecer unha aprendizaxe deductiva, evitando no posible as explicacións previas.
- Incidir na comunicación audiovisual e no uso das T.I.C., guiando de xeito rigoroso o traballo do alumnado, para evitar que este se quede na superficialidade ou no mero entretemento.
- Os contidos lingüísticos serán introducidos atendendo ao seu grado de dificultade, de menor a maior. Retomaranse continuamente, ao longo do curso contidos e aprendizaxes tratados con anterioridade, co obxecto de revisalos, reforzando así a súa asimilación, e amplialos, na procura dunha maior profundización.
- En lugar dun enfoque gramaticalista, máis tradicional, empregaremos un método activo, no que a morfosintaxe e o léxico sexan un instrumento de aproximación á lectura e comprensión dos textos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material elaborado polo Departamento.
Material con contidos lingüísticos e de cultura e civilización en Internet, con Licencia Creative Commons.
Recursos audiovisuais: documentais e videos sobre a cultura e civilización romana.
Material bibliográfico da Biblioteca do Centro.
Selección de lecturas de diversas fontes.

O material elaborado polo Departamento e o material con contidos de lingua e cultura inclúen os seguintes apartados:

- Unha selección de textos e fragmentos en latín.
- Actividades e exercicios de morfosintaxe e de léxico.
- Actividades sobre os temas de Cultura e Civilización.
- Contidos gramaticais.

Estes materiais estarán dispoñibles para o alumnado na Aula Virtual ou en Classroom, sendo necesaria a súa descarga e impresión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso revisáronse os informes individualizados do alumnado.

Na materia de Latín de 1ª de Bacharelato soe matricularse alumnado que non cursou Latín en 4º da ESO. Por este motivo a avaliación inicial realizarase, un dos primeiros días do curso, por medio dun cuestionario con dúas partes: a primeira, recolle aspectos básicos da lingua latina; a segunda, aspectos gramaticais e léxicos das linguas de uso do alumnado. Aqueles alumnos que non cursaron a materia en 4º, deberán facer só a última parte.

A realización do cuestionario é individual, nunha primeira fase; posteriormente o alumnado revisará e completará as respostas en grupos pequenos, para finalmente facer unha posta en común e corrixir e comentar todas as respostas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	1	7	2	7	9	3	3	7	8
Proba escrita	0	0	75	95	75	75	80	95	75	75
Táboa de indicadores	100	100	25	5	25	25	20	5	25	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	2	3	9	15	9	3	100
Proba escrita	75	10	75	78	75	75	30	72
Táboa de indicadores	25	90	25	22	25	25	70	28

Criterios de cualificación:

Adoptaranse os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación e de recuperación:

1^º Trimestre: Probas escritas sobre contidos lingüísticos (UDs 3, 5 e 6): tradución e comprensión global, análise morfosintáctica. (7 p.). Traballo na aula: revisión dos exercicios sobre os contidos lingüísticos das UDs 1 e 2 e respostas orais e escritas. (1 p.); exposicións, preferiblemente en equipo, sobre contidos de Cultura e Civilización das UDs 4 e 7. (2 p.).

2^a Trim.: Probas escritas sobre o apartado lingüístico das UDs 9,10,11. Exercicios de léxico (UD 8) (7.5 p.) Traballo na aula: presentación e análise de obras de lectura, traducidas ou adaptadas, ou de ensaios sobre o mundo clásico; exposicións sobre aspectos culturais e artísticos da UD 12. (2.5 p.)

3^º Trim.: Probas escritas sobre contidos lingüísticos das UDs 14, 15 e 16. (7.5 p.). Traballo na aula: presentación dunha obra, de libre elección, relacionada co mundo clásico; exposición sobre intercambios culturais na Antigüidade (UD 17) (2.5 p.)

Redondeo: as cualificacións que pasen do medio punto, serán redondeadas no seguinte enteiro.

Faltas de asistencia: o alumnado que non se presente a unha proba ou que non faga as tarefas no prazo establecido, deberá xustificalo debidamente, de xeito presencial ou a través das canles de comunicación co Centro ou coa persoa docente.

A non realización dunha tarefa ou dunha proba, a entrega fóra de prazo, sen causa xustificada, serán cualificados cun 0.

Ensino non presencial: o alumnado recibirá información e tarefas a través da Aula Virtual. O alumnado que non poida presentarse aos exames, deberá facer as probas por medios telemáticos (videoconferencia, Aula Virtual, Classroom).

Infraccións: retiráraselle o exame ao alumnado que faga uso de medios e materiais non permitidos. O exame será cualificado cun 0.

Convocatoria ordinaria: para obter a cualificación da avaliación ordinaria, farase media entre as cualificacións das tres avaliacións, efectuando redondeo, no seguinte enteiro, das cualificacións que pasen do medio punto.

Criterios de recuperación:

O alumnado cunha ou dúas avaliacións suspensas poderá recuperala/s no seguinte trimestre, por medio de: unha proba escrita sobre os contidos lingüísticos do trimestre en curso (7.5 p.) e un cuestionario sobre o apartado de Cultura da avaliación/s non superadas (2.5 p.), sendo necesario obter como mínimo un 5 para recuperar a/s avaliación/s. Os contidos de Cultura e Literatura non son progresivos e teñen carácter eliminatorio.

Antes da sesión da avaliación ordinaria, o alumnado poderá facer unha proba global escrita que incluíra actividades de Lingua (8 p.) e un cuestionario sobre os contidos de Cultura non superados e un control de lectura ou unha presentación das obras lidas (2 p.).

O alumnado que non aprobe a materia na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe cos obxectivos non acadados e o procedemento de recuperación. O exame da convocatoria extraordinaria incluíra exercicios de Lingua

(Puntuación: 8 puntos) e un cuestionario sobre Cultura e Civilización e as obras de lectura do curso (2 p.).
A cualificación na convocatoria extraordinaria será a obtida no exame. Farase redondeo ao pasar do medio punto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No primeiro curso de Bacharelato, non existe a materia de Latín pendente.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que curse Latín II, sen cursar previamente Latín I, terá que acreditar os coñecementos mínimos desta última para poder cursar a materia en 2º de Bacharelato. Por isto, cursarán Latín 1 como pendente e co currículo da materia que se extingue.

Realizarase unha proba por trimestre coas aprendizaxes mínimas correspondentes a Latín I (curso 2022-2023). Esta proba será cualificada de 0 a 9, reservando 1 punto para a cualificación do traballo na aula. É necesario obter como mínimo un 5 para aprobar cada avaliación.

O alumnado que, ao final de curso, non teña superada a materia, deberá facer unha proba global cos contidos mínimos. A proba será cualificada de 0 a 10

6. Medidas de atención á diversidade

De acordo co Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, desenvolveranse, de ser necesario, as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á

ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. En coordinación co titor/a e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborarse unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptaranse medidas que promovan a súa inclusión.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X		X			X	
ET.4 - A competencia dixital.	X	X		X			X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X			X	
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.3 - A comunicación audiovisual.				X				
ET.4 - A competencia dixital.				X				
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X				
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17
ET.1 - A comprensión lectora.	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X
ET.4 - A competencia dixital.	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X
ET.9 - A creatividade.	X

Observacións:

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade de xénero, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregaranse unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao Festival de teatro clásico.	Cando se dea a coñecer o programa do Festival de Teatro Grecolatino, valoraremos o interese das obras para o noso alumnado.			
Asistencia a outras representacións teatrais que teñan lugar en A Coruña.	Valoraremos tamén a oferta teatral dirixida ao alumnado da ESO e Bacharelato.			
Asistencia a exposicións de arte e fotografía.	O alumnado podería asistir a exposicións que garden relación con algún aspecto tratado no currículo.			
Viaxe de estudos organizado pola SEEC.	No presente curso a Delegación Galega da SEEC ten previsto organizar unha viaxe a Italia para alumnado e profesorado de Centros de Galicia.			
Participación noutras actividades.	O alumnado poderá participar noutras actividades, dependendo da oferta que chegue ao Centro.			

Observacións:

Na realización de actividades e saídas, buscarase a colaboración con outros Departamentos do Centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
3. Os resultados de avaliación son os esperados, tendo en conta o traballo e o rendemento do alumnado.
7. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados, en función do traballo e o rendemento do alumnado.
Metodoloxía empregada
2. Os prazos de entrega das tarefas corrixidas e das probas son axeitados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Os materiais e recursos empregados son interesantes e motivadores para o alumnado.
Clima de traballo na aula
5. Conséguese un bo ambiente de traballo na aula.
6. A motivación e o grao de satisfacción do alumnado coa materia e coa persoa docente.

Descrición:

1. Para avaliar este indicador de logro, revisaránse con regularidade que os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os establecidos na programación. As posibles modificacións e as súas causas serán recollidas na memoria final de curso e serán tidas en conta na elaboración da programación do próximo curso. En concreto, observarase se o alumnado con maiores dificultades de aprendizaxe pode seguir o ritmo de traballo na aula e, ao mesmo tempo, proporanse actividades alternativas para o alumnado con maior rendemento.
2. Este indicador mide a eficacia dos instrumentos de avaliación, tentando que transcorra o menor tempo posible entre a realización das tarefas e probas e a súa corrección.
3. Por medio deste indicador analizamos se as previsións dos resultados de avaliación, a partir da observación do traballo na aula, correspóndense coa cualificación obtida polo alumnado na avaliación. En caso de que haxa unha diverxencia significativa, reconsiderarase o sistema de traballo na aula. No caso de dedectar dificultades, revisaremos e reforzaremos aspectos básicos, antes de seguir con novos contidos.
4. Por medio deste indicador avaliamos se os materiais e recursos empregados son instrumentos útiles para conseguir unha maior motivación do alumnado e unha mellora na súa aprendizaxe.
5. Observarase o ambiente na aula para propiciar un bo clima de traballo, adoptando as medidas necesarias para acadar este obxectivo: colocación específica do alumnado na aula, fomento de estratexias e actividades colaborativas, mediación etc.
6. Este indicador será avaliado por medio dun cuestionario anónimo despois de cada avaliación e ao final de curso.
7. Este indicador pretende medir o acerto da observación do traballo na aula e afectividade das medidas adoptadas ao longo do curso, para mellorar o rendemento do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Seguimento: ao remate de cada unidade didáctica rexistrarase no apartado de seguimento da programación elaborada en PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións).
2. Avaliación. Para avaliar a programación ao final de curso teranse en conta os seguintes aspectos:
 - a. Resultados académicos do grupo.
 - b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
 - c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, motivos das modificacións.A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se recollerán na memoria final e na programación do vindeiro curso.

9. Outros apartados